

Resolución pola que se da publicidade á relación de persoas beneficiarias da axuda destinada a paliar a pobreza enerxética en consumidores vulnerables, dentro do programa denominado bono social térmico, no exercicio 2023.

ANTECEDENTES

Primeiro. O Real decreto lei 15/2018, do 5 de outubro, de medidas urxentes para a transición enerxética e a protección dos consumidores, creou un programa de concesión directa de axudas destinadas a paliar a pobreza enerxética en persoas consumidoras vulnerables, no que respecta á enerxía destinada á calefacción, auga quente sanitaria ou cociña, denominado Bono Social Térmico.

A axuda ten como finalidade compensar os gastos necesarios para garantir o subministro de enerxía para usos térmicos ou o apoio a actuación de aforro ou melloras da eficiencia enerxética aos consumidores vulnerables.

Segundo. En virtude da Sentenza 134/2020, do 23 de setembro de 2020, do Tribunal Constitucional, que estima parcialmente o recurso de inconstitucionalidade número 4178-2019, interposto polo Goberno Vasco en relación a diversos preceptos do referido Real decreto lei 15/2018, do 5 de outubro, decláranse inconstitucionais e nulos os incisos “mediante la concesión de un pago único anual” do número 1 do artigo 9 referido aos criterios de distribución da axuda do bono entre as persoas beneficiarias; “junto con la información de los beneficiarios y los importes que les corresponden de acuerdo con lo previsto en los apartados anteriores” e “a partir de la información a que hace referencia el artículo 11” do número 2; e o inciso “durante el primer trimestre del año» do número 3 do artigo 10 referido ao procedemento para a determinación e o pago do importe da axuda. Así mesmo, declarase inconstitucional a disposición adicional novena e a disposición final terceira do dito Real decreto lei 15/2018, do 5 de outubro, desestimando o recurso en todo o demais.

Terceiro. De conformidade co exposto, a xestión e o pago das axudas correspóndelle ás comunidades autónomas e ás cidades con estatuto de autonomía.

Aos efectos, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico calcula a distribución territorial do orzamento e transfere os importes ás administracións competentes para o seu pagamento, concretamente en virtude da Resolución da Secretaría de Estado de Enerxía, de data 21 de setembro de 2023, pola que se autoriza a transferencia de crédito á Xunta de Galicia en concepto do Bono Social Térmico para o ano 2023.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeiro. De conformidade Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria correspóndelle a este órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia o exercicio



de funcións en materia de planificación enerxética, incluíndo entre outras, de acordo coas competencias atribuídas ás unidades dependentes da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas, a xestión e tramitación das axudas sociais no ámbito enerxético dirixidas a paliar a pobreza enerxética de determinados consumidores.

Segundo. De acordo co artigo 8 do Real decreto lei 15/2018, do 5 de outubro, en cada exercicio serán persoas beneficiarias do Bono Social Térmico aquelas persoas consumidoras que sexan beneficiarias do Bono Social de Electricidade previsto no artigo 45 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, o 31 de decembro do ano anterior.

Para o exercicio 2023 son persoas beneficiarias oitenta e tres mil oitocentos setenta e cinco, beneficiarias á súa vez do Bono Social de Electricidade previsto no artigo 45 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, o 31 de decembro do ano 2022.

Terceiro. A concesión destas axudas realízase de forma directa de conformidade co establecido no artigo 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nos artigos 19.4 b) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 39 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao vir impostas por unha norma con rango legal.

Esta axuda é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, das que puidesen beneficiarse as persoas destinatarias da axuda. Así mesmo, será compatible coa percepción do Bono Social de Electricidade.

En todo caso, garántese a posibilidade de renunciar á axuda por parte dos/das beneficiarios/as que así o soliciten.

Cuarto. A contía da axuda que percibirá cada persoa beneficiaria determinouse atendendo ao seu grao de vulnerabilidade, segundo o define a norma reguladora do bono social eléctrico, así como á zona climática na que se localice a vivenda na que se atope empadroada, de conformidade coa metodoloxía indicada no anexo I do Real decreto lei 15/2018, do 5 de outubro, de medidas urxentes para a transición enerxética e a protección dos consumidores.

Quinto. Estas axudas dentro do programa denominado Bono Social Térmico no ano 2023 faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 39.04.733A.480.6, polo importe de 18.105.465,76 euros.

Visto o Real decreto lei 15/2018, do 5 de outubro, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e de conformidade coas competencias que me atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,



RESOLVO:

Primeiro. Publicar a relación de persoas beneficiarias facilitada polas entidades comercializadoras, no enderezo <https://economia.xunta.gal/bono-social-termico>. A publicación realízase de conformidade coas garantías establecidas na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

De xeito complementario, realizarase unha comunicación por correo postal individualizado ás persoas beneficiarias, onde se lles informará da concesión da axuda, do seu importe, da posibilidade de modificar os seus datos, así como de renunciar a dita axuda.

As persoas beneficiarias disporán dun prazo de dez días hábiles dende o día seguinte á publicación da listaxe para achegar, no caso de que non figure na listaxe enviada pola entidade comercializadora, completar ou modificar, se fose requirida ou segundo proceda, a seguinte documentación:

- a) Certificación bancaria acreditativa da titularidade da conta da persoa beneficiaria.
- b) Documento de identidade (NIF ou NIE) da persoa beneficiaria.

No suposto de que unha persoa considere que cumpre os requisitos para ser beneficiaria da axuda e non figure na lista publicada nin recibira a comunicación no seu domicilio, poderá presentar o correspondente recurso ao abeiro do disposto no número décimo sexto acompañado da seguinte documentación:

- a) Copia da factura de electricidade do mes de decembro do ano anterior á axuda na que figure o desconto do Bono Social Eléctrico a 31 de decembro do 2022 ou acreditación do cumprimento de tal requisito expedida pola entidade comercializadora.
- b) Copia do seu documento de identidade (NIF ou NIE).
- c) Certificado da súa conta bancaria.

Segundo. As persoas beneficiarias disporán dun prazo de 10 días hábiles desde a publicación da listaxe para renunciar á axuda concedida, se así o quixesen, advertíndolles de que, transcorrido o devandito prazo sen renunciar, entenderase que a axuda foi aceptada.

A renuncia ao Bono Social Térmico realizarase a través do formulario que figura na carta informativa que se lle remitirá á persoa beneficiaria por vía postal, estará dispoñible no seguinte enlace <https://bonosocialtermico.xunta.gal>. A renuncia deberá remitirse electrónicamente a través da Sede electrónica ou, presencialmente, a través de rexistro administrativo ou oficina de Correos.



Terceiro. A persoa beneficiaria poderá comunicar a renuncia, consultar e corrixir os datos, ou comunicar os datos pendentes a través dun dos seguintes medios:

a) Accedendo ao formulario electrónico a través do seguinte enlace: <https://bonosocialtermico.xunta.gal>, identificándose con certificado dixital, DNI electrónico ou Chave 365. Se non dispón dos medios necesarios, pode acudir aos puntos de acceso público ou aos servizos sociais do respectivo concello.

b) Presentando escrito, segundo o modelo que se lle comunicou individualmente, dirixido á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas, a través do procedemento PR004A-Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado, na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/solicitud-xenerica>), ou de forma presencial en calquera dos lugares ou rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. Para obter máis información sobre o bono térmico, pode acceder ao enderezo <https://economia.xunta.gal/bono-social-termico>, ou chamar aos teléfonos que se lle facilitarán na páxina Web e na carta informativa.

Cuarto. Para proceder ao pagamento da axuda, na comunicación individualizada indícanse os últimos díxitos do número da conta bancaria facilitados pola comercializadora, que deberán ser comprobados pola persoa beneficiaria. No caso de que non coincidan ou se desexa recibir á axuda noutra conta, da que deberá figurar como titular, presentará a documentación xustificativa segundo o indicado no número oitavo.

Quinto. Todas as axudas concedidas ao abeiro desta resolución estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e a súa normativa de desenvolvemento e ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas polo que as persoas beneficiarias quedan obrigadas a facilitar toda a información que lle sexa requirida por estes no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Sexto. De conformidade co establecido no artigo 40.1.g) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, procederá ao reintegro da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión. Tamén procederá a devolución da axuda no suposto de que se aboara por duplicado polo procedemento de pago indebido.

Sétimo. En virtude da situación de vulnerabilidade das persoas destinatarias destas axudas, a publicación da información estará limitada de conformidade co disposto no



artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co artigo 15.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Oitavo. Os datos persoais que se faciliten para a xestión do Bono Social Térmico serán tratados, na súa condición de responsable, pola Xunta de Galicia-Consellería de Economía e Industria coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través desta resolución que comprende verificar os datos e documentos relacionados para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos> derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.



Noveno. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante a Consellería de Economía e Industria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, nos termos previstos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data de sinatura electrónica

A conselleira de Economía e Industria

María Jesús Lorenzana Somoza

